


CULTURACTIVA SCG
PRESENTA A:

ISABEL RISCO
E FRAN REI EN:

RETRINCOs
DE CASTELAO





‘O teu nome é regalia dos ouvidos do noso espírito, verba que encerra os máis outos tíduos da nobre galeguidade. Do teu recordo lámpada que mantén acesa a flama das nosas espranzas. Da tua obra, alimento que mantén viva a tua presenza misoneira entre nós. Nome e obra, son froito da tua vontade; o recordo é a nosa obriga indeclinábel.

Mais non te pagamos somentes co recordo. É preciso que vivamos, e viviremos, de cara a tua obra, que non é perecedeira coma o teu Corpo. Como a sombra para Rosalía, ‘en todo estás, e ti es todo, i eres a estrela que brila, i eres o vento que zoa. I es o marmurio do río, i es a noite i es a aurora’. I es a aurora, sí, porque detrás da noite da tua morte sae, coma o sol por detrás dos picoutos das nosas montañas, a luz da tua obra redentora e da tua vida exemplar. Moito, moito temos que te pagar. Grande é a nosa débeda perante o sacrificio da túa vida como o noso poeta ten publicado:

Sementador leixado,

Pelegrín namorado dos roteiros

Cara o destino de Galiza abertos;

Frol das vidas chagadas na acedume

Incerta do desterro.....

En ti, Daniel, xenio da nosa xens, que sobardaches tóda-las físteras para amar, servir e honrar a Galiza, á que tamén honramos nos afervoadamente; en ti Daniel, no teu recordo perdurante queremos honrar a Galiza’

Extracto das palabras pronunciadas por Sebastián Risco ao pé da sepultura de Castelao no cemeterio de Chacarita, o día de Galiza do ano 1961.



Castelao

Comeza esta andaina imprescindible, esta vida exemplar, hai xa 130 anos, no que un 30 de xaneiro nacía na vila de Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Conveteuse nun dos 2000 habitantes que por aquela altura tiña esta vila mariñeira, como tamén o era seu pai, mariñeiro, veleiro e mariscador. E cando o pequeno Daniel tiña tan só tres meses seu pai marchou, xa que cando nin o mar, nin a terra, daba para tanta xente, ou non deixaban que vivirás nin do un nin da outra, habia que facer as maletas, a condena colectiva da emigración asolaba Galiza. Así que Manuel Rodríguez Dios marchou as Pampas onde instalou un almacén.

Daniel e Joaquina Castelao Genme, súa nai, seguían en Rianxo. Daniel gozaba da parentela, agás do seu pai, das amizades, da veciñanza, escoitaba atentamente os contos da súa avoa Tareixa, facia manualidades, bonecos, gravados en madeira, debuxos, gostaba máis de todo iso que de ir á escola.

O 30 de xaneiro de de 1897 cumpre once anos e uns meses despois marcha coa súa nai a Arxentina para xuntarse co seu pai. Alí, na Arxentina, nacen as súas dúas irmás, Xosefina e Tareixa. Na Arxentina no canto de atender no mostrador prefería ler os xornais e escoitar as noticias que chegaban da guerra de Cuba, ademáis de prestarlle moita atención aos debuxos e caricaturas do xornalista galego Xosé Cao Luaces que naquela altura triunfaba na Arxentina.

No ano 1900 a familia volta a Galiza, e ao chegar a Rianxo resultan ser a familia máis acomodada da vila, de feito seu pai chegará a ser rexedor. Manuel quería que o seu fillo estudara, así que Daniel matriculouse no Instituto en Compostela, xa que só as grandes cidades contaban con estes centros de ensino. En 1903 Daniel xa ten o título de Bacharelato. E como o desexo do seu pai non remataba aquí comeza a estudar medicina. Mais na universidade, na que estaba máis polo seu pai ca por si mesmo, converteuse nun bule bule cheo de inquiredanzas artísticas, por

iso non agardou para participar nalgunha obra de teatro, na tuna compostelana, facer caricaturas, participar na tertulia do Café Colón onde se xuntaba cun grupo de estudantes algo extravagantes e bohemios responsabeis do ambiente modernista que alí se respiraba. Xusto antes de rematar a carreira, entre 1908 e 1909, Daniel participa no prestixioso Salón Humorístico de Madrid e participa nun feixe de revistas e semanarios, tanto galegas como de fora do país, como debuxante e caricaturistas.

Chega o 1909 e Daniel consegue o título de medicina, agora o que tocaba era o doutoramento, para o cal non quedaba outra que prepararse para ir a Madrid e así poder chegar a Doutor, mais a falta de vocación fai de freo para non acadalo. Ao ano seguinte Daniel é médico rural en Rianxo atendendo sempre ás xentes máis desfavorecidas.

A partir de 1912 pasan cousas moi importantes e trascendais na súa vida. Coñecer e casar con Virxinia Pereira, unha rapaza ben espilada da Estrada, de feito xa moceara coa súa irmá Eva na época universitaria. Ao ano seguinte nace o seu único fillo Alfonso Xesús, e no seguinte ten a súa primeira crise de cegueira que herdou da súa nai, que quedara cega na vellez, e esta, a súa vez, do seu avó. Non é de estranar que os cegos sexan tan relevantes na súa obra. Castelao dixo unha vez: “De todo o meu corpo o que máis estimo é a miña mán dereita coa que debuxo centos de caricaturas en favor do campesiñado da Galiza”.

O ano 1916 tamén é trascendental, Daniel, Virxinia e Alfonso Xesús, comezan a vivir en Pontevedra, xa que obtén unha praza de funcionario no Instituto Xeográfico e Estatístico, mais ao tempo que se instalan na cidade do Lérez, máis cara ao norte, na cidade da Torre de Hércules, fúndase As Hirmandades da Fala, o que supón a maioría de idade do galeguismo. Castelao le os artigos do seu fundador Antón Vilar Ponte sobre a posibilidade da morte do galego e polo tanto de Galiza, foi arrepiante comprobar que el



tamén podería ser un dos derradeiros supervivintes deste pobo. Este foi o motor de arranque para que Castelao decidise sen ningún tipo de dúbida sumarse a loita política e ao traballo para a defensa da lingua e da cultura de do país, na defensa de Galiza e do seu dereito a existir. E comeza ese mesmo ano o deseño do seu album Nós, traballo que lle levará dous anos, comprometéndose a través da súa obra artística coa Terra e coas xentes máis humildes, amosando os atrancos que mantiñan ao país no atraso e no empobrecemento, sempre ao lado da xente da terra e da xente do mar, e criticando a todos aqueles homes e mulleres que viven da corrupción política e do esforzo da xente traballadora. Levou a súa obra, realizando exposicións e dando conferencias, por todas cantas vilas e cidades galegas puido e mesmo conseguiu traspasar fronteiras chagando con ela a Madrid ou a Barcelona. Normal que no ano 1917 fose designado profesor auxiliar de debuxo no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, e que este sexa o xérmolo da actual Escola de Belas Artes.

Chega a revista Nós, onde no ano 1920 asume a dirección artística e coñece a Vicente Risco e a Otero Pedrayo con quen lles une, ademais, unha fonda amizade. Ao ano seguinte vai de viaxe a París e alí ve por primeira vez os teatriños rusos que lle fan matinar na posibilidade de crear un ‘Teatro da Arte’ para o noso

país, e con iso se pon a partir de 1925. Todo isto sen esquecer nin abandonar a súa labor como ilustrador de libros, cartelista, caricaturista, sendo publicados moitos dos seu traballos na prensa co que acada unha grande sona e convértese nun dos persoeiros máis respectados, populares e queridos de Galiza. En 1922 no diario Galicia de Vigo comeza unha serie de debuxos titulada ‘Cousas da vida’ que continuará no Faro de Vigo.

Os anos vinte son do máis prolíficos, Castelao non para, a súa arte e o seu pensamento son unha fonte, un manancial no que flue auga pura e cristalina, a cal agradecemosllo intensamente polo inmeso legado que nos deixou, de valor incalculábel, xa que non seríamos as mesmas nin os memos sen el. Comeza a agromar nel e a sentir a chamada da literatura e sen esquecer os debuxos escribe ‘Un Olló de Vidro’ e ‘Cousas’, que foi publicada inicialmente en xornais e revistas para logo recollela en dous volumes nos anos 1926 e 1929, e se cadra, e grazas a esta obra, xurde un xénero literario propio de Castelao. Logo ven a súa novela ‘Os dous de sempre’, Pedro e Rañolas, e máis adiante ‘Retrincos’, unha colección de cinco contos autobiográficos que escritos entre 1909 e 1934.

Os anos 1927 e 1928 son terribes, no primeiro sofre a segunda crise de cegueira, mais o peor chegou a comezos do 1928 cando morre Alfonso Xesús con tan só 14 anos, estes feitos non só o apartan da vida pública se non que ademais Castelao entra nunha fonda depresión, e cando a supera realiza con Virxinia unha viaxe pola Bretaña e dela xorde *As cruces de pedra na Bretaña*: “O culto ás pedras ten raíces tan fondas na alma celta que cicais as cruces primitivas da Bretaña non sexan máis que menhires aínda”. Entramos xa na década dos anos trinta e no 1931 Castelao publica o albúm de caricaturas *Cincuenta homes por dez réas*.

“Unha nación é soberán e ten dereito a orgaizarse autonómicamente sen máis límites que os derivados do respecto ao dereito igoal das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en estado independente”. Fixemos un pequeno percorrido polo Castelao

artista, sen esquecermos do Castelao pintor, mais Castelao ficaría eivado se non se tiveran en conta todas as súas facetas, el foi un home completo, un artista total, daqueles dos que falaba a Bauhaus da República de Weimar, é tamén foi un político exemplar, o nos gran teórico, o noso profeta, sendo a súa vocación, sempre en por enriba de todo, Galiza e as galegas e galegos: ‘Debuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se sacades o que hai de galego e humano na miña obra non quedaría nada dela’. E xa que entramos na década dos trinta, a partir xuto do seu comezo Castelao foise convertindo paseniñamente na figura principal do galeguismo, para el os problemas da terra só podían ser resoltos desde o propio país, por nós e para nós, auténticas coñecedoras e coñecedores das nosas necesidades e dos nosos recursos e por ende da nosa razón.

No 1931 comeza no estado a II República ao caer a monarquía de Alfonso XIII, abríndose así un período de esperanza democrática. O nacionalismo galego, que no 1916 acadara a súa maioría de idade coa fundación das Irmandades da Fala, consideran que este é o momento para reclamar os dereitos nacionais e fundan o Partido Galeguista. Castelao foi elixido deputado por Pontevedra e presentou nas Cortes iniciativas na defensa do país: atención á agricultura e á pesca, Estatuto de Autonomía para Galiza, recoñecemento da oficialidade do galego....

Chega o 1934 e o goberno do estado cae a máns da dereita responsábel do desterro de Castelao, como tamén aconteceu con Alexandre Bóveda, a Badajoz. Este foi o combustible para que Castelao seguisse escribindo e afondase no ‘Sempre en Galiza’: ‘As noites da miña terra sempre me pareceron pequenas para durmir; pero estas noites de Badaxoz son longas e desesperadas. Noites de afogo e pesadelo, nas que as paixóns se inflan e reventan, como vinchas, e os pensamentos caen mortos, de tanto voar nas pozas corrompidas’. Alí pasa 10 meses de desterro para voltar a Pontevedra e continuar co seu labor político, artístico e literario. No 1936 hai novas eleccións e o Partido Galeguista preséntase como forza integrante da Frente Popular. Castelao obtivo de novo o escano mais desta volta co maior número de



votos da provincia de Pontevedra. A Frente Popular gaña as eleccións e o 28 de xullo o pobo galego vota maioritariamente que si ao Estatuto de Autonomía, mais un cruel golpe de estado remata de vez co período de esperanza. Castelao nese intre está fora do país, en Madrid, e de alí vai a Valencia. As terribéis e estremeceadoras novas que lle chegan ao respecto da crueldade dos militares sublevados impúlsanlle para publicar os álbumes ‘Galicia mártir’, ‘Atila en Galiza’ e ‘Milicianos’, que recollen o sufrimento das vítimas galegas perante aquela barbarie e foron expostos en París, Moscova, China, UEA e varios países de América.

Durante os anos que durou a guerra a súa labor política foi fundamental: intentou que se aprobase o Estatuto de Autonomía de Galiza e xa vivindo en Barcelona promoveu a publicación de xornais que defendían a Galiza. En 1938 foi de xira por Rusia e UEA para explicar a inxusta situación. Viviu en Nova York xunto con máis emigrantes, e despois foi cara o sur, primeiro Cuba, onde debuxou as estampas de negros, logo Brasil, Uruguai e finalmente Arxentina. Alí ficou, en Buenos Aires, fuxindo da persecución franquista, na que se convertería na cidade galega máis populosa, vivían naquela altura máis de trecentos mil Galegos e galegas e o Centro Galego contaba con oitenta mil persoas asociadas. Aquí chega a ser un auténtico líder nacionalista presidindo o Consello de Galiza, un auténtico goberno galego no exilio. Todo isto sen deixar de lado a súa faceta artística e literaria: en 1941 estrease a súa peza de teatro *Os vellos non deben namorarse*, para a cal deseñou e elaborou artesanalmente as máscaras que usarían os actores e as actrices. O 10 de marzo do 1944 publícase a obra fundamental, a guía, do nacionalismo galego *Sempre en Galiza*, Galiza é unha nación conformando unha comunidade estábel, cunha historia de seu, cunha lingua propia, un territorio diferenciado cunha economía peculiar e unha cultura autóctona.

Chega o 1946 e despois dos acontecementos internacionais nada indica que a ditadura franquista desapareza, no canto diso o cruel réxime franquista perpetúase co cal as esperanzas dos exilados viñéronse abaixo, e a frustración de Castelao aumenta. Dous anos despois, o 25 de xullo, pronuncia o discurso Alba de

Gloria no Centro Galego de Buenos Aires, no que expresa a nostalgia da emigración pola terra perdida e reproduce unha inolita e gráfica imaxe dunha Santa Compañía composta por galegos e galegas inmortais: Prisciliano, Xelmirez, Mestre Mateo, os trobadores, o Mariscal Pardo de Ceta, o padre Sarmiento, o padre Feixoo, Rosalía, Curros, Murguía, Antolín Faraldo....xunto a evocación lírica do pobo galego como “unha infunda moitedume de luciñas e vagalumes”. A fins deste mesmo ano do 1948 Castelao pide a dimisión da directiva do Centro Galego por permitir a visita do embaixador de Franco na Arxentina. Ao ano seguinte, polo Nadal, sae por fin á luz a súa obra máis monumental e querida, levaba xa vinte anos traballando nela, *As cruces de pedra na Galiza*. Xa levaba un ano desde que lle diagnosticaran un cancro de pulmón, e o 2 de xaneiro do 1950 foi ingresado no Sanatorio do Centro Galego para ser sometido a unha perigosa intervención queirúrxica da que finalmente non recuperou o coñecemento morrendo o día 7 de xaneiro de 1950. Foi enterrado no cemiterio de Chacarita xunto a unha presa de terra galega das beiras do Miño. Houbo que agardar ate o 28 de xuño de 1984 para que chegara por fin a Galiza e poidera repousar na súa terra, en Domingos de Bonaval, mais aínda non se cumpriu o seu verdadeiro desexo, descansar nunha terra ceiva e non nun panteón aínda a mans da igrexa, a mesma que apoiou o réxime que o expulsou fora do seu país como a outras tantas galegas e galegos.

“Hoxe é o día 25 de xullo de 1947. A miña imaxinación anda por Galiza, en festa de suadades, pero corporalmente aínda esto una Franza, despois de perder eiquí un ano enteiro de imposíbeis afáns. E hoxe retornarei coa mila muller a Bos Aires, onde nos espera unha Galiza ideal, capaz de consolarnos de non poder morrer na Terra que nos dou a vida, na Patria que sempre está no noso corazón. Hoxe daremos un paso máis cara o fin...”

(*Sempre en Galiza*, parágrafo escrito en Marsella no 1947)



Castelao e o humor

A figura de Castelao é un símbolo chantado ás portas da nosa terra coma faro que alerta aos camiñantes e as invita a coñecela para sentila e amala. Somos galegas e galegos humildes que queremos mostrar unha mínima parte do que fixo un galego xenial, queremos axudar a reparar, unha outra vez, nun home inesquecibel e na súa obra imperecedeira, xa que Castelao, e como dixerá Eduardo Blanco Amor, “preferiu facer da súa pruma, da que trazaba e da que escribía, unha arma ao servizo do seu povo”, no canto de ter acadado un universal renome facendo uso do chamado ‘arte puro’ máis propio de pobos fartos ou de pobos momias.

E desa arma de construción masiva, complexo instrumento que nos legou, nós damoslle uso a parte máis humorística. O humor é unha das notas máis típicas, mais tamén máis tópicas, da súa arte completa e total, por iso hai que precisar amodo a entidade e a calidade deste esencial elemento da súa obra. O humor é un adobio da súa arte e con el non ten a intención de suscitar a eito o sorriso, xa que o humor de Castelao é pura filosofía, deixando un pouso de fonda reflexión e sempre coa intención de conquistar o trunfo da bondade e da xustiza na nosa terra. De aí que todo estea envolto pola sátira e a ironía, non só porque como galego recolle esa tradición, se non porque a realidade galega, cruel, difícil, complexa, e a necesidade de reproducila, denunciara e expresara, fai preciso ese envoltorio, e que el soubo empregar con extremada sutileza e intelixencia. A sátira e a ironía levan ao humor a outra dimensión máis elevada, trascenden do propio humor e o fan madurar e transforman en pura filosofía. Castelao dixo, falando do seu humor: “Poida que non sexan humorismo nin a sátira nin a ironía; mais con todo coído que diante das mágoas da Terra asoballada, calquera humorista de boa cepa galega ten de converterse en sátiro ou ironista. Como, senon, podería manifestar un humorista as súas xenreiras e as súa carraxes?”. E iso é do que nos gostaríamos poder facer achegarlle á xente a súa obra e grazas a ela, e como boas galegas e galegos, como o clown que quere madurar en bufón, poder transmitir a sátira e a ironía que nos legou nesta herdanza de valor infinito.



RETRINCOS

A compañía

Culturactiva SCG é unha distribuidora que tamén traballa como compañía creando formatos e espectáculos nunha liña de humor e espectacularidade, que cobren un amplo abano de necesidades de programación.

Isabel Risco é actriz, clown e pedagoga teatral. Desde o 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Espello Cóncavo, Os sete magníficos máis Un, Manicómicos e Producións Desaqueloutradas. Traballa tamén como actriz secundaria e protagonista en series, filmes e publicidade.

Fran Rei é cofundador, pallaso en activo e coordinador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown), Os Sete Magníficos máis Un, coa que participou en catorce espectáculos desde o ano 2001. Traballou tamén en Bagunça Teatro, Producións Desaqueloutradas e Acontrabutaca. É monitor de dramatización, teatro e clown, e un rostro ben coñecido, grazas ás súas intervencións humorísticas no programa Luar, xunto a Pedro Brandariz.

O espectáculo

Culturactiva presenta aos cómicos **Isabel Risco** e **Fran Rei** en *Retrincos* de Castelao, un achegamento ao humor na obra do inmortal autor de Rianxo, figura fundamental da nosa historia. A través dun texto de **Diego Rey**, fan un divertido percorrido polo traballo deste intelectual, achegándonos a súa enxeñosa e fascinante forma de ver a Galiza do seu tempo. Ofrécennos o mosaico dunha realidade galega atemporal, que nos antecede e nos outorga raíces.

A través dun ollo de vidro que dá nova forma á realidade, poderemos ser quen de presenciar a vida dos homes e mulleres que habitaron esta terra. Grazas a ese ollo seremos quen de comprender realmente a nosa historia e o noso presente.



Diego Rey (O Director)

Diego Rey Núñez nace en Moaña o 20 de novembro de 1982.

Realizou a súa formación teatral con diversos mestres, como Artur Trillo, Roberto Salgueiro, Fernando Dacosta, Xulio Lago ou Avelino González.

Destaca a súa preparación en Commedia dell'Arte, baixo a man de Massimo Machiavelli, Massimo Malucelli, Claudio De Maglio, Antonio Fava, Carlo Boso e Fabio Mangolini.

No ano 2006 únese á compañía Talía Teatro para a montaxe *O Merlo Branco*, e dende entón ven desenvolvendo a súa actividade vinculado a dita compañía.

Como actor participou, entre outras, nas montaxes de *E ti Quen ves Sendo?* (autoría e dirección de Cándido Pazó), *Volpone* (dirección de Roberto Salgueiro) ou, máis recentemente, *Sopa de Sapo* (autoría e dirección de Artur Trillo).

Como autor e director realizou dúas montaxes ata o momento: *Carta Urxente para Máximo Toxo* (publicado no ano 2010 por Galaxia) e *XANGO, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*.



Isabel Risco

Actriz, clown e pedagoga teatral.

Comeza a súa andaina en grupos de teatro universitario da Coruña, na escola Casahamlet e asistindo a cursos monográficos con mestres como Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, Angel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso, etc..

Dende o ano 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Ibuprofeno Teatro, Espello Cóncavo, Os sete magníficos máis un, Manicómicos e Produccións Desaqueloutradas, coas que ten participado nalgúns dos festivais de teatro e clown máis importantes da península, e na compañía Maquinaria Pesada, con espectáculos de produción propia como *As Vingadoras* ou *Nabiza Girl & Unha Viaxe EspaZial*. Dende o ano 2001 forma parte da compañía Trinketrinke teatro, especializada en teatro infantil e dinamización á lectura.

No 2005 gradúase en Pedagogía Teatral na Universidade da Coruña, aínda que vén desenvolvendo a actividade de monitora de teatro en colexios dende o 2001.

No ámbito do audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como *Padres Casares*, *A vida por diante*, *O Nordés*, *Air Galicia*, *Era Visto!*, *A Casa da Conexa*, *Os Caseiros* ou *Casa Manola*, e outros programas da TVG como *O Show dos Tonechos*, *En Pé de Festa*, *Zapping Comando*, *Máxima Audiencia*, *Luar*, *A Solaina*, *BumBumBumeran*, *Heicho Cantar*, *Land Rober*, *Tourilandia*, *Land Rober Tunai Show*, etc; ademais de realizar curtas, publicidade e algunha longamentaxe, como *Os mortos van de présa*, *Onde está a felicidade?*, *9 Ondas* ou *Pelegrinaxes*.

Na XII Edición dos Premios do audiovisual galego recibe o Premio Mestre Mateo á mellor interpretación feminina de reparto polo personaxe de Dona Hortensia en *Era Visto!* Producida por Zopilotes para TVG. Na 26 edición do Festival de Teatro Galego do Carballiño, setembro de 2015, recibe o premio á mellor actriz polo seu papel en *O Furancho* de Ibuprofeno Teatro.

Fran Rei

É cofundador, pallaso en activo e coordinador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) Os Sete Magníficos máis Un, coa que ten participado nun total de catorce espectáculos desde o ano 2001. Igualmente, ten traballado noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Produccións Desaqueloutradas e Acontrabutaca.

Na súa formación escénica destacan numerosos cursos de teatro, *clown* e bufón con algúns dos mellores mestres do panorama internacional, como Good Idea Company, Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Eric de Bont, Iván Prado ou Antón Valén.

Igualmente, é monitor de dramatización, teatro e *clown* e dirixe varias escolas de formación teatral. Especialista en *clown*, desenvolve regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica. Para o gran público é un rostro ben coñecido, grazas ás súas intervencións humorísticas no programa *Luar*, xunto a Pedro Brandariz.

É membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, ten participado en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas (México).





Culturactiva

Culturactiva SCG representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como son o *Festiclown*, *Galeuzca*, *Olladas do Planeta* ou a *Feira Ecolóxica*, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards ou compañías como Yllana e intérpretes galegos de gran proxección como Peter Punk, Sergio Pazos ou o Mago Teo. Como distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte ou, entre outras moitas, Vaamonde, Lamas & Romero.

Ademais, Culturactiva leva máis dunha década traballando na produción de espectáculos e montaxes teatrais, ámbito no que destaca con diversas obras. Deste xeito, impulsa agora *Retrincos de Castelao*.



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

+34 981 582 836



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

+34 981 582 836